



# NON PASES PALABRA !

Indica nome e apelido da autora ou título da obra que se pide

NOME E APELIDOS \_\_\_\_\_  
CURSO E GRUPO \_\_\_\_\_

- A.- *Comeza por A* o apelido dunha novelista, ensaísta e académica da RAG que foi profesora (e directora) do IES Castelao, autora de *A cabeza de Medusa*, entre outras moitas obras:  
\_\_\_\_\_
- B.- *Comeza por B* o nome dunha escritora que visitou o noso Club de Lectura “A pé de obra” o día 25 de abril de 2022: \_\_\_\_\_
- C.- *Comeza por C* o nome dunha poeta, profesora e ensaísta, que é tamén un topónimo galego (coordenadas: 42° 42' 27.35 " N 7° 02' 35.68" O): \_\_\_\_\_
- D.- *Comeza por D* o apelido dunha muller premiada en 1887 (si, liches ben) por un poema titulado “Defensa das mulleres”: \_\_\_\_\_
- E.- *Comeza por E* o nome dunha muller pioneira do feminismo que bautizou literariamente a Coruña como Marineda: \_\_\_\_\_
- F.- *Comeza por F* o nome dunha autora de literatura infantil, candidata ao Premio Andersen este ano, que vén de publicar a súa primeira novela para adultos (*A muller xabaril*):  
\_\_\_\_\_
- G.- *Comeza por G* o primeiro apelido da escritora e xornalista autora da serie *Dragal*:  
\_\_\_\_\_
- H.- *Comeza por H* o nome dunha escritora galega, vicedecana das Escritoras en Lingua Galega na actualidade (e nai da citada no C): \_\_\_\_\_
- I.- *Comeza por I* o nome dunha narradora contemporánea en cuxa última novela se pregunta *Quen non ten un avó fascista?*: \_\_\_\_\_
- K.- *Comeza por K* o apelido (de orixe alemán) dunha importante poeta, falecida en 2015, que aparece nun gran mural dunhas escaleiras que conectan a viguesa rúa Rosalía de Castro coa rúa Roupeiro: \_\_\_\_\_

- L.- Comeza por L** o nome dunha poeta da que se celebrou no 2022 o centenario do seu nacemento: \_\_\_\_\_
- M.- Comeza por M** o apelido dunha escritora pioneira da literatura infantil galega (aínda que ela non era galega de nacemento) a quen se lle dedicou o DLG en 2018:  
\_\_\_\_\_
- N.- Comeza por N** o título dunha novela da primeira muller elixida membro numerario da Real Academia Galega: \_\_\_\_\_
- Ñ.- Contén o Ñ** o apelido da poeta do Courel (nacida en Noia) homenaxeada no ano 2007:  
\_\_\_\_\_
- O.- Comeza por O** o nome da poeta luguesa galardoada co Premio Nacional de Poesía no ano 2020: \_\_\_\_\_
- P.- Comeza por P** o nome e tamén o apelido da autora que recibiu o Premio Nacional de Poesía en 2019: \_\_\_\_\_
- Q.- Comeza por Q** o apelido da escritora criada no Barco de Valdeorras que gañou o Premio Nadal de novela no ano 1950 e foi a segunda muller que ocupou sillón na RAE:  
\_\_\_\_\_
- R.- Comeza por R** o apelido da xornalista e poeta noiesa que obtivo o Premio da Crítica de poesía galega 2021: \_\_\_\_\_
- S.- Comeza por S** o apelido da novelista que conta unha aventura importantísima na historia da humanidade, a dos nenos da vacina da varíola: \_\_\_\_\_
- T.- Comeza por T** o apelido dunha autora que ingresou na RAG en 2001 e conta nunha novela a historia dunha rapaza viguesa chamada María: \_\_\_\_\_
- U.- Comeza por U** o nome dunha autora de orixe alemá que reside en Galicia desde 1968; escribe literatura infantil e agora tamén libros de recordos persoais como *Flashes*:  
\_\_\_\_\_
- V.- Comeza por V** o apelido da escritora e violinista coruñesa falecida en 2004, autora de *Música reservada*: \_\_\_\_\_
- X.- Comeza por X** o nome da autora homenaxeada o DLG do 2021 e que estudou neste instituto!: \_\_\_\_\_
- Z.- Contén o Z** o apelido dunha escritora e importante activista feminista que dirixiu a revista *A festa da palabra silenciada*: \_\_\_\_\_